

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

TOURO

Anuncio de exposición pública do padrón da taxa de recollida domiciliaria do lixo ano 2026

ANUNCIO

EXPEDIENTE: 2026/X006/000087 Aprobación do Padrón da taxa de recollida domiciliaria de lixo ano 2026

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 26 de maio de 2026, aprobouse o Padrón da taxa de recollida domiciliaria de lixo ano 2026.

ANTECEDENTES

Censo elaborado para a confección do padrón da taxa de recollida domiciliaria de lixo para o exercicio 2026, co seguinte importe:

TAXA	IMPORTE PADRÓN	Nº DE OBTOS TRIBUTARIOS
Recollida de lixo exercicio 2026	75.920,00 euros	1850

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Artigo 21.1.s) da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local

Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Ordenanza fiscal reguladora da taxa por recollida domiciliaria do lixo.

ACORDO:

Primeiro. Aprobar o padrón de contribuíntes da taxa pola prestación do servizo de recollida domiciliaria de lixo correspondente ao exercicio 2026, co seguinte importe:

TAXA	IMPORTE PADRÓN	Nº DE OBTOS TRIBUTARIOS
Recollida de lixo exercicio 2026	75.920,00 euros	1850

Segundo. Expoñer ao público os datos incorporados ao padrón durante un período de 15 días computados dende o día seguinte ao da publicación do anuncio no BOP e no taboleiro de anuncios do concello. Esta exposición dende a publicación, servirá de notificación colectiva a tódolos contribuíntes nos termos establecidos no artigo 102 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria e durante o período os interesados poderán interpoñer as reclamacións ou alegacións que consideren pertinentes.

Terceiro. O período de cobramento en período voluntario abranguerá entre o 1 de setembro e o 16 de novembro de 2026. Transcorrido este prazo iniciarase o período executivo e da débeda resultante esixirase polo procedemento de constrinximento, percibíndose as recargas e demais conceptos esixibles en aplicación dos artigos 26, 28 e 161 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

Cuarto. Contra as liquidacións que se inclúen no padrón os interesados poderán interpoñer o recurso de reposición previsto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 no prazo dun mes, ante a Alcaldía e contra a súa denegación, recurso contencioso administrativo, perante o xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ó da notificación da resolución expresa do recurso de reposición, ou no de seis meses, contados a partir do día seguinte a aquel en que, consonte coa súa normativa específica, prodúzase o acto presunto; segundo o preceptuado no artigo 46.1 da Lei 29/98, de 13 de Xullo; reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de que poida exercitar, no seu caso, calquera outro que estime oportuno.

Touro, 26 de maio de 2026.

Jesús José Reboredo González, Alcalde-presidente.